

Mulleres nas titulacións STEM: Calidade da inserción laboral das/os tituladas/os

Xulia González, Daniel Miles
(Departamento Economía Aplicada)

INTRODUCCIÓN

O capital humano é clave nunha economía cada vez máis baseada no coñecemento, especialmente aquel adquirido na etapa de educación superior. Sen embargo, para que o capital humano se traduza en benestar e crecemento económico é fundamental o seu adecuado aproveitamento.


O desaxuste educativo refírese á discrepancia entre o nivel educativo de un/ha traballador/a e o nivel educativo requirido para o posto de traballo que ocupa. Un/ha traballador/a estará sobreeducado/a cando o seu nivel educativo sexa superior ao requirido para o traballo que realiza.

En relación cos países europeos, España está entre os países con maior porcentaxe da súa forza laboral composta por titulados universitarios á vez que posúe unha das taxas máis altas de sobrequalificación, como se pode comprobar no gráfico da dereita.

OBXECTIVO

Analizar a calidade da transición da Universidade ao Mercado laboral das/os egresadas/os das titulacións STEM (ciencias, tecnoloxía, enxeñería e matemáticas) a partires dun indicador de sobrequalificación e da distribución salarial.

Taxa de sobrequalificación nos/as titulados/as universitarios, 2019



Fonte: European Union Labour Force Survey (EU LFS). Indicador: "over-qualification rate (of tertiary graduates)"
<https://skills-panorama.cedefop.europa.eu/en/dashboard/over-qualification-rate-tertiary-graduates?country=EU&year=2019#2>

DATOS E METODOLOXÍA


Enquisa de Inserción Laboral das/os egresadas/os universitarias/os (EILTU) realizada polo INE en 2019.

Mostra: 31.651 tituladas/os no curso 2013/2014.

Centrámonos en:

- Estudo cuantitativo do alcance e a persistencia da sobrequalificación laboral entre as/os egresadas/os de STEM
- Dinámica salarial e fenda de Xénero nas titulacións STEM

Distribución graduadas/os por ámbito de estudo (EILTU, 2019)



ANÁLISE SOBRECUALIFICACIÓN

Para a medición da sobrequalificación propoñemos dous indicadores:

1) Sobrequalificación obxectiva

Baséase na ocupación do/a traballador/a seguindo a Clasificación Internacional Uniforme de Ocupacións (CIUO), a cada ocupación asígnaselle un nivel educativo requirido segundo a Clasificación Internacional Normalizada de Educación (CINE).


Un/ha traballador/a estará sobrequalificado/a cando se atope nunha ocupación que non requira titulación universitaria segundo a CINE.

2) Sobrequalificación subjectiva:

Ocorre cando o nivel educativo que a/o egresada/o declara ser necesario para o traballo que realiza é inferior ao universitario. Baséase na percepción do/a traballador/a.

A partires das dúas medidas, construímos un indicador que recolle tres situacións:

- 1. Axustadas/os:** graduadas/os que están ben axustadas/os subjectiva e obxectivamente.
- 2. Parcialmente sobrequalificadas/os:** graduadas/os que están sobrequalificadas/os segundo un dos dous indicadores.
- 3. Sobrequalificadas/os:** sobrequalificadas/os segundo os dous indicadores simultaneamente.




Transición (STEM)

| Primeiro traballo | Traballo actual | | | Total |
|-----------------------------|-----------------|-----------------------------|----------------|-------------|
| | Axustada/o | Parcialmente sobreeducada/o | Sobreeducada/o | |
| Axustada/o | 93,2% | 5,3% | 1,6% | 100% |
| Parcialmente sobreeducada/o | 51,2% | 44,3% | 4,5% | 100% |
| Sobreeducada/o | 45,6% | 19,6% | 34,8% | 100% |
| Total | 75,8% | 16,4% | 7,8% | 100% |

ANÁLISE SALARIOS

Distribución salarial de homes e mulleres tituladas/os en STEM no traballo actual



CONCLUSIÓNS

Continúa a segregación: o 19% das mulleres graduáronse nunha titulación STEM en 2015, fronte a un 40% dos homes.

A sobrequalificación está menos presente nas STEM que no resto de titulacións. **Non** atopamos fenda de xénero segundo os indicadores de sobrequalificación.

O 93% das/os egresadas/os que están axustadas/os no seu primeiro traballo continúan axustadas/os 5 anos máis tarde. Daquelas/es que están sobreeducadas/os no seu primeiro traballo, un 50% están axustados cinco anos despois de titularse.

Mantense a fenda salarial; a porcentaxe de mulleres que gañan menos de 1.500€ é do 42% mentres que para os homes é do 28%. O 37% dos homes recibe salarios superiores aos 2.000€ mentres que esta porcentaxe é do 24% no caso das mulleres.